

A NOTICIA E O ARTIGO DE OPINIÓN

O texto que máis atopamos nos medios de comunicación é a **noticia**. A noticia infórmanos dun acontecemento de actualidade respondendo as seguintes cuestións: *que, quen, onde, cando, como e por que*.

O **artigo de opinión** é outro tipo de texto que atopamos habitualmente nos medios de comunicación. Nel unha persoa dá a súa opinión sobre un tema de interese xeral.

A diferenza entre a noticia e o artigo de opinión é que a primeira serve para informar, e polo tanto quen escribe non dá a súa opinión (**obxectividade**); mentres que o segundo serve para valorar, e polo tanto quen escribe dá a súa opinión (**subxectividade**).

COMO REDACTAR UNHA NOTICIA

Á hora de redactar unha noticia, no **titular** respóndese de xeito resumido ás cuestións máis importantes (*que, quen, onde/cando*), p. ex.:

Un camión perde parte da súa carga en Tal

Despois, no **corpo do texto**, vaise engadindo información (*cando, como, por que*) e explicándoa polo miúdo , p. ex.:

Esta mañá un camión que transportaba mandos de PlayStation perdeu parte da súa carga ao pasar por Tal (Muros). Por causas que se descoñecen, a porta traseira do vehículo abriuse e os produtos comezaron a caer pola estrada, facendo que os demais coches tiveran que esquivalos. A condutora deuse conta axiña e puido estacionar o vehículo e avisar a Policía Local para retirar os mandos da estrada. Afortunadamente, non houbo que lamentar maiores danos tras este incidente.